

Celga



Certificado
Lingua
Galega

4

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-B-II-21

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, vai ler un texto sobre a solteiría. Tome as notas que precise.

Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

Vale máis solteiro que mal casado

refrancirogalego.com
tequimotopajeo.com



A solteiría non é un fracaso

As persoas que viven soas contra a súa vontade deben fuxir dunha vida rutineira, desconfiar da autocompaixón e ser receptivos/as ás experiencias novas.

Para sorpresa da mocidade e adolescentes de hoxe, na xeración dos seus avós, mesmo na dos seus pais, as persoas solteiras ou as que non vivían en parella eran vistas pola sociedade como uns seres que, por unha serie de razóns, tiveran mala sorte na vida e non deran casado. Esta situación facíao vivir sempre “baixo sospeita” na súa propia casa, ante as amizades, no traballo etc. Non hai tanto tempo que o matrimonio era o estado civil máis común e os que se saían desta norma eran tratados, de xeito despectivo, como “solteiróns” e “solteironas”.

A etimoloxía da propia palabra xa descobre o matiz negativo. “Solteiría” provén dun termo latino que significa “solitario”, “desamparado” conceptos que pouco teñen que ver cos novos vocábulos, máis neutros, mesmo “glamourosos”, que se utilizan na actualidade para referirse aos que non desexan pasar pola vigairía, o Concello ou o Xulgado e vivir en compañía: son os “impares” ou “singles”.

Aceptación crecente

Esta opción, cada vez máis valorada e apreciada no Estado polas novas xeracións, está vinculada aos novos hábitos de vida. Segundo algúns estudos, os máis de tres

millóns de españois “ímpares” de entre 30 e 45 anos dispoñen de ingresos significativamente superiores ao resto de individuos do mesmo tramo de idade, teñen máis cartos e gastan máis en cultura, viaxes, lectura, espectáculos...

A sociedade actual, lonxe de asociar as persoas solteiras como aburridas e carentes de motivacións, obsérvaa como afortunadas que, xeralmente, non se privan de nada, que viven a vida e que non paran de facer plans. Un claro exemplo é o protagonizado polas mulleres solteiras, cunha independencia económica crecente que non condiciona a súa vinculación a outra persoa.

Tipoloxía variada

Á parte das consideracións sociolóxicas e psicolóxicas, o máis importante é determinar a actitude e o grao de soidade co que viven cada vez máis persoas que non se queren unir a ninguén.

A soidade é positiva ou negativa dependendo de como se viva, e, no caso das persoas solteiras, a tipoloxía é ampla.

As persoas convencidas. Están satisfeitas coa súa situación. Canalizan as súas enerxías cara á profesión ou as actividades humanitarias. Ás veces, desembocan nesta “convicción” porque realmente están convencidas de que a vida en parella non combina ben coa liberdade.

As persoas perfeccionistas esixentes. Son aquelas que non atopan a ninguén que teña as características necesarias para levar unha vida en común satisfactoria e que á vez lles permita desenvolverse persoalmente.

As persoas aventureiras. Séntense moi atraídas pola vivencia de aventuras como viaxes exóticas e os deportes alternativos. A compañía dúranlles se son capaces de compartiren aventuras.

As persoas autosuficientes. Son absolutamente independentes para gozaren en soidade dos atractivos da vida. Mesmo consideran como un estorbo calquera tipo de compañía porque sempre lles crea problemas.

As persoas que din resignarse. Son aquelas que sempre responden que si cando se lles pregunta se son felices e as que insisten en convencer a outra parte de que non necesitan a ninguén.

As persoas que “voan de flor en flor”. Asústalles o compromiso e a fidelidade incondicional para sempre. Non se atan porque se consideran “infieis” por natureza, incapaces de vivir para unha soa persoa.

As persoas egocéntricas. Consideran que unha vida en parella estable supón compartir cartos, tempo, preocupacións e problemas alleos, e non están dispostas.

As persoas tímidas. Conviven coa súa propia soidade porque lles resulta excesivamente duro facerse visibles nos ámbitos sociais. Non se expoñen ao posible ridículo por non seren aceptadas.

As persoas amargadas. Viven a súa soidade cun sufrimento interno e cunha frustración tan importantes que padecen a súa solteiría como unha enfermidade, botando de menos en segredo que alguén os queira.

Oportunidade de desenvolvemento persoal

Tanto se se elixe coma se non vivir en estado “impar”, “single” ou “solteiro/a”, o importante é o cultivo de actitudes para vivir a soidade como unha oportunidade de desenvolvemento persoal.

Por iso necesitan ter ben espertas as súas actitudes vitais, para que a soidade na que viven non se converta en foco de desgustos e cultivar actitudes de apertura.

Evitar as rutinas. Facer sempre o mesmo leva consigo o risco de caer na rutina. É importante considerar a posibilidade de deixar entrar na súa vida novas experiencias.

Non preocuparse, ocuparse. Non hai que crear dificultades antes de telas. Hai que resolvelas cando aparezan. As oportunidades non adoitan vir á casa. Hai que ir buscalas.

Buscar o aspecto positivo das situacións. Cada circunstancia ten as súas partes positivas. É importante ter unha actitude de apertura cara a elas.

Desconfiar da autocompaixón. Cómpre permanecer alerta aos sentimentos que fan que sintamos pena de nós mesmos. Amais de irrealis, adoitan ser improdutivos.

Arriscarse a facerse visible. Nunha sociedade como a actual, permanecer acantoadado non permite facerse visible. Os “ensaiois” de facerse ver adoitan ser gratificantes.

Probar coa xenerosidade. Descartar a “propiedade privada exclusiva” de bens como o tempo e as calidades de un mesmo e polas á disposición doutras persoas non empobrece. A experiencia di que é sumamente enriquecedor. Hai que arriscarse a compartir.

Oír non é o mesmo que escoitar. Manter unha actitude de escoitar outras maneiras de pensar e de ver a vida non desestabiliza, enriquece.

Fonte: www.consumer.es (Adaptación)

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
Orientacións para a persoa avaliadora: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que a poidan incomodar ou as que resulten molestas.	
■ Como se chama? ■ A que se dedica? ■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ■ Que lle gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
Orientacións para a persoa avaliadora: a persoa candidata ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:	
Faga un resumo do contido do artigo. ■ De onde provén o matiz negativo da solteiría? ■ Que cambios houbo neste tempo a respecto das persoas solteiras? ■ Que tipoloxía se establece para encadrar as persoas solteiras? ■ De que actitudes fala para evitarmos a soidade?	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
Orientacións para a persoa avaliadora: a persoa entrevistadora escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle á persoa candidata que faga unha exposición de 2-3 minutos, na cal defenda o seu punto de vista ou argumente sobre ese tema. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso e indicáraselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que a persoa candidata poida ser debidamente avaliada. Se a persoa candidata tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.	

Realice unha exposición acerca dos seguintes enunciados:

- A.** Non hai tanto tempo que o matrimonio era o estado civil máis común.
- B.** A sociedade actual, lonxe de asociar as persoas solteiras como aburridas e carentes de motivacións, obsérvaas como afortunadas.
- C.** A soidade é positiva ou negativa dependendo de como se viva.
- D.** O importante é o cultivo de actitudes para vivir a soidade como unha oportunidade de desenvolvemento persoal.

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para a persoa avaliadora: logo da exposición, establecerase un diálogo coa persoa candidata. A opción de preguntas que se lle dará á persoa candidata (A, B, C, D) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas **NON** consisten nun interrogatorio; son só suxestións e **DEBEN ADECUARSE**, na medida do posible, ao discurso da persoa candidata. Ademais, é moi importante que se force a **CONTRAARGUMENTACIÓN** para poder avaliar a súa capacidade argumentativa.

OPCIÓN A

Non hai tanto tempo que o matrimonio era o estado civil máis común

- Que opina de que antes as persoas solteiras se visen como xente rara? Cre que a sociedade mudou tanto ou aínda persiste esa idea?
 - Parécelle que limitar o estado civil dunha persoa a solteira / casada e viúva non reflicte a complexidade da sociedade actual? Por que?
 - Que opinión lle merece que hoxe en día a xente nova prefira ter unións libres ou de feito? Por que cre que a mocidade xa non casa?
 - Cal cre que é o mellor estado para unha persoa: estar unida ou ser libre? Que vantaxes e inconvenientes lle ve?
 - Por que pensa que hoxe en día as relacións non duran como antes (aburrimiento, esperanza de vida, tecnoloxía...)?
 - Cre que existe un estado ideal para cada persoa ou depende do momento que estea a vivir? Por que?
- (Se procede)
- Respecto desta cuestión, cales son as diferenzas que ve vostede entre Galicia e o seu país de orixe.

OPCIÓN B

A sociedade actual, lonxe de asociar as persoas solteiras como aburridas e carentes de motivacións, obsérvaas como afortunadas

- Que opina de que case un 68% da poboación estea solteira? A que cre se debe este cambio de mentalidade? Por que cre que a xente as considera afortunadas?
- Non lle parece que esta falta de compromiso pode supoñer un cambio demográfico importante? Por que?
- Que opina do feito de poder ter descendencia fóra de calquera tipo de unión (matrimonial ou non)? Cre que gozan dos mesmos dereitos estes nenos e nenas que os outros? Por que?
- Que opinión lle merece que hoxe en día primen as relacións afectivas fronte ás relacións formais de antes? Cre que hoxe en día é máis importante ter boas amizades que ter parella? Por que?
- Ademais das relacións de toda a vida (persoas solteiras/casadas/viúvas) que opina do aumento de persoas separadas ou divorciadas? Cre que este tipo de persoas ten moito ou pouco en común coa xente que nunca estivo unida?
- Como cre que inflúe a tecnoloxía á hora de establecer novos contactos? Cre que a rede axuda ou prexudica as relacións? Que opina das relacións virtuais?
(Se procede)
- Respecto desta cuestión, cales son as diferenzas que ve vostede entre Galicia e o seu país de orixe.

OPCIÓN C

A soidade é positiva ou negativa dependendo de como se viva

- Que opina dos aspectos positivos das persoas soas (independencia, autosuficiencia, autoconhecimento)? Cre que se coñecen mellor a si mesmas e desenvolven mellor o seu potencial? Por que?
- Parécelle que a soidade cambia o carácter das persoas? Para non sentirse só/soa cómpre casar? Sabe que máis da metade da xente casada sente soidade? Por que cre que ocorre isto?
- Que opinión lle merece que hoxe en día haxa cada vez máis mulleres que deciden non casar nin ter fillos? Cre que ten que ver coa maior independencia social e económica?
- Opina que hai diferenzas entre homes e mulleres solteiros? Cales? Cre que o apoderamento da muller contribuíu a estes cambios sociais? Por que?
- Non cre que cada vez hai máis xente que pensa que o amor é un sentimento pasaxeiro? E de que as relacións son un tópico imposto pola sociedade? Por que?
- Non cre que cada estado é perfecto para cada persoa sempre e cando o elixa e non lle sexa imposto? Cre que avanzamos neste campo da vida persoal? Por que?
(Se procede)
- Respecto desta cuestión, cales son as diferenzas que ve vostede entre Galicia e o seu país de orixe.

OPCIÓN D

O importante é o cultivo de actitudes para vivir a soidade como unha oportunidade de desenvolvemento persoal

- Que opina sobre traballar as actitudes (ocuparse, facerse ver, escoitar...)? Como cre que inflúen no desenvolvemento persoal?
- Non lle parece que o importante para non sentirse só/soa é buscar o positivo de cada situación? Que considera que ten de positivo e de negativo estar libre?
- Que opinión lle merece que hoxe en día a xente intente dominar mellor as súas emocións? Cre que é posible cambiar as emocións negativas (soidade) por outras máis positivas (liberdade)?
- Cre que hoxe en día é moito máis doado establecer novas relacións a través de ferramentas tecnolóxicas? Está a favor ou en contra das relacións virtuais? Que vantaxes e inconvenientes lles ve?
- Pensa que o ritmo de vida actual fai que existan outras formas de relacións (a distancia, a través de aplicacións, abertas, con dereitos, cadaquén na súa casa...)? Que opina delas? Tamén hai quen fala de relacións posmodernas (citas múltiples, poliamor, flexisexual...)? Que pensa delas?
(Se procede)
- Respecto desta cuestión, cales son as diferenzas que ve vostede entre Galicia e o seu país de orixe.